



## POEMA

Lucía Novas

*As escalas dos mapas miden os corpos con exactitude asombrosa.*

*Deixando atrás as fragas das lapas (coxas, brión, vello, enredadeiras), introducíeste polos desertos mariños e subsaharianos.*

*A acuosidade é o elemento máis firme.*

*Ábrense as portas coma os pétalos dunha anémona oceánica, e permítese arribar ó interior máis estraño.*

*O ceo sureiro ten un valor incalculábel:*

*voan misteriosas as flores de azafrán,  
e anéganos o aire co seu olor a madeira seca.*

*(Reméxeste entre as areas rugosas e as palmeiras)*

*Plenilunio de lúa mollada e pracer de solsticio.*

